

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR Ó INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO BANZAS
Promotor	GREEN CAPITAL POWER, S.L.
Localización	CONCELLOS DE OUTES, NEGREIRA E MAZARICOS (A CORUÑA)
Expediente	IN408A 2017/15

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas da xefatura territorial de A Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxía e Minas da xefatura territorial de A Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 14/02/2022 e número de rexistro de entrada 2022/289093, traslado da resposta do promotor ó informe desta dirección xeral de data 26/01/2022 .

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta dirección xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítense o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta dirección xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considérase que se proporcionou a información adicional requirida para avaliar o risco da saúde, e que se deseñaron as medidas adecuadas para o control e monitoreo dos impactos sobre a saúde humana.

- En relación ao estudio dos posibles efectos acumulativos ou sinérxicos con respecto a outros parques da contorna, relacionado co efecto de parpadeo de

sombrias, os resultados aportados, amosan un aumento de horas de sombra/ano na valoración conxunta dos PE de Banzas e o PE de Outes, nos receptores R2 e R3, para o "caso peor".

Tendo en conta este aumento de horas de sombra, faise necesario un estudo de modelización sobre os mesmos receptores para o "caso real". Como resultado deste estudo, a análise técnica do proxecto poderá establecer as medidas correctivas que deberán aplicar cada un dos parques no caso de superar os limiares de exposición, así como os controis a realizar no Plan de Vixilancia Ambiental.

- En relación ao estudo dos campos eléctricos.

Con respecto ao cumprimento dos limiares de protección establecidos nas Recomendacións do Consello Europeo 1999/219/CE e da Comisión Internacional, para os campos eléctricos (5 kV/m para un campo electromagnético de 50 Hz), indica que en "casos puntuais pode excederse o valor recomendado", pero non presenta medidas correctoras a aplicar si se superan ditos valores, nin se inclúe o control de estes valores no Plan de Vixilancia Ambiental.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

